

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

**12085** *Resolución do 24 de setembro de 2012, da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, pola que se actualiza o anexo I.2 do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, no relativo aos parámetros que determinan a media do consumo dos vehículos de turismo novos que se poñan á venda ou que se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español.*

O anexo I.2 do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ao consumo de combustible e ás emisións de CO<sub>2</sub> dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español, establece, no seu último parágrafo, que a actualización das ecuacións e dos valores dos coeficientes, a a' e b' se realizará, cando proceda, por resolución da Secretaría de Estado de Política Científica e Tecnolóxica, cuxas funcións foron asumidas pola Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Os valores dos coeficientes a e b e a' e b' varían anualmente a medida que varían as características dos vehículos de gasolina e gasóleo comercializados. Entre estas características cabe destacar os consumos homologados e a superficie que ocupan os vehículos. Ao se tratar dun sistema comparativo de clasificación enerxética entre os vehículos de cada categoría, faise necesaria a actualización dos valores dos ditos coeficientes para evitar que se desvirtúe a clasificación enerxética e se produzan desprazamentos ficticios dos novos vehículos analizados cara a clases de eficiencia enerxética superiores, debido á progresiva diminución dos consumos mixtos dos vehículos comercializados.

Esta resolución continúa o proceso comezado coa Resolución da Secretaría Xeral de Industria do 27 de xullo de 2007, publicada no BOE do 8 de agosto de 2007.

Na súa virtude, resolvo:

Primeiro.

Substituír, por actualización, os valores dos coeficientes a e b para vehículos con motor de gasolina e a' e b' para vehículos con motor de gasóleo utilizados para determinar o cálculo da media do consumo para cada vehículo de turismo en función da súa superficie e que se determinan no anexo I.2 do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polos valores que se citan a continuación:

Motores de gasolina, valor a = 2,1; valor b = 0,1733.

Motores de gasóleo, valor a' = 1,8; valor b' = 0,1516.

Segundo.

Esta Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa procederá anualmente, con data do 1 de outubro, a actualizar os valores dos coeficientes a, a', b e b' sinalados, para dar cumprimento á recomendación da Comisión Europea do Plan de acción para a eficiencia enerxética da UE «Realizando o potencial» COM (2006) 545 do 19 de outubro de 2006, de tal forma que a porcentaxe de modelos con etiqueta A en cada categoría se manteña no 20%.

Terceiro.

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de setembro de 2012. O secretario xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, Luis Valero Artola.